



NOVA SERIE DE FICCIÓN DA GALEGA

Santiago, 7 setembro 2007

Efectos Secundarios, a nova aposta para a noite dos luns, na TVG

Televisión de Galicia estrea *Efectos Secundarios*, a nova serie de ficción que inicia a súa emisión o próximo luns, 10 de setembro, pola noite.

Producida por CTV para TVG, *Efectos Secundarios* ten como eixe central o mundo médico, concretamente a vida e o traballo do persoal que presta servizo nun centro de atención primaria nunha vida galega.

Efectos Secundarios manexa tramas profesionais e laborais, problemas de saúde e enredos domésticos. Esta nova comedia de sentimentos e humor incide sobre os beneficios que o feito de ser feliz produciría na saúde se soubésemos como conseguilo.

A actriz **Isabel Blanco** encabeza o reparto desta nova serie que conta coa presenza de importantes nomes da escena galega -**Ernesto Chao, Iolanda Muíños, Josito Porto, Manuel Millán ou Evaristo Calvo**, entre outros-. Todos eles lles dan vida a uns personaxes que traballan, que se enfrontan coas súas emocións e que, en definitiva, manteñen unha loita interminable contra os moitos efectos secundarios que produce o estar vivo.

A idea orixinal de *Efectos Secundarios* pertence a **Xosé Cermeño**, o creador de "Pratos Combinados", unha das series máis exitosas da Televisión de Galicia de todos os tempos. A dirección desta nova comedia corre a cargo do mesmo director de "Pratos combinados", **Chema Fernández**.

Efectos Secundarios é unha comedia sobre as consecuencias imprevisibles e mesmo diverti-

das que ten para unha persoa a circunstancia de estar tan comprometida coa profesión como o está a doutora **Alicia Sampaio** (*Isabel Blanco*), que traballa nun centro de atención primaria dunha vila galega.

A atención médica non é o único traballo de Alicia: educar a súa filla, reeducar o seu ex marido, entenderse coa súa irmá, gobernar a súa propia vida son ocupacións que poden resultar moi intensas.

En *Efectos Secundarios* fúndense distintos xéneros e estilos de comedia. A nova serie observa a vida con ironía sen descoidar as emocións e experiencias que lles afectan aos seres humanos e que ás veces intentan agachar.

Tamén é unha historia de encontro e desencontro entre xeracións e sobre o choque de distintas maneiras de estar na vida. Unha serie coa medicina de fondo e con sentimentos de sempre que trata sobre os efectos secundarios de vivir e querer ser felices.




Alicia Sampaio (Isabel Blanco)

A doutora Alicia Sampaio ten trinta e tantos anos e xa sabe que a vida pode dar moitos paos. É unha muller extravertida e vitalista cando se enfronta aos problemas dos demais e moi discreta cando se trata dos seus.

Alicia ten unha filla de 11 anos e un ex marido que é un desastre. A ela gústalle o seu oficio pero exerce máis ocupacións, é psicóloga, conselleira, cómplice, mediadora e algo adiviña. Pero ese é tamén o camiño seguro para meterse en moitos enredos.


**Charo Sampaio (Iolanda Muíños)**

Charo é a irmá de Alicia. Ten unha droguería e non lle faltan admiradores entre os homes. Gústalle as pequenas extravagancias. Entre as súas pequenas rarezas está a narcolepsia, unha enfermidade pouco frecuente, que lle provoca episodios de somnolencia súbitos.

**Mario Méndez (Manuel Millán)**

Ex marido de Alicia. É o pai da súa filla Rosa. Vaílle ocasionar moitos problemas. Mario é un pequeno e persistente desastre. Pouco responsable e nada traballador, sabe enredar e mentir coma ninguén.

Mario é fotógrafo de vodas e comuñóns, aínda que el non está disposto a traballar os domingos porque iso sería botar por terra as conquistas sociais dos traballadores.

**Marcelo Agra (Josito Porto)**

Xefe de servizo do centro de saúde no que traballa Alicia. Establecerase unha relación especial entre Marcelo e Charo, a irmá de Alicia, que dará lugar a situacións moi singulares.


**Simón Estrada (Evaristo Calvo)**

O doutor Simón Estrada non é o profesional que Alicia tomaría como modelo. Alicia e Simón encarnan maneiras moi diferentes de vivir a súa profesión. Simón Estrada é rápido, interesado e listo. Sabe sempre o que van facer os demais antes de que eles mesmos o pensen. Gustaríalle ser o xefe de servizo.



Lali Maceiras (Rosa Álvarez)


Lali Maceiras é a pediatra do centro. É amiga de Alicia e comparte con ela o seu modo de ver a vida e a profesión pero evita darlle a razón a maior parte das veces. Lali é prudente cando Alicia é impulsiva, Lali é conciliadora cando Alicia é guerreira, Lali é calada cando Alicia fala demais.

**Esther (Gloria Ferreiro) e Rita (Sabela Hermida).**

Son as ATS do centro de saúde. Bótanlle moito humor e ironía ao traballo e á vida.

Paco (Manuel Botana)

O ex conserxe. Está xubilado, pero abúrrrese na casa. Cando aparece polo ambulatorio, todos intentan lembrarlle que agora está xubilado e que debe deixar de pasear por alí.

**Pilar (Mónica Caamaño) e Emilio (José Touriñán)**

Os administrativos. Emilio Sanfiz é o aliado que Alicia necesitará ante Marcelo Agra, o xefe de servizo, para facer funcionar a pequena engrenaxe interna do centro de saúde. Emilio é un enfermo imaxinario. Tamén Pilar ten a súa debilidade: o doutor Simón Estrada.

**Gonzalo (Ernesto Chao)**

O doutor Gonzalo Campos é amigo e mentor de Alicia. Naceu na Argentina, onde os seus pais estaban exiliados. Dirixiu un grande hospital en Bos Aires. Volveu a Galicia para percorrer os lugares dos que tanto oíra falar na súa casa e tamén para esquecer un matrimonio frustrado. Hai unha corrente de simpatía entre o médico experimentado e a médica nova. Alicia encontra na compañía de Gonzalo o pai que perdeu hai xa tempo.



SINOPSES

CAPÍTULO 1

Alicia Sampaio acaba de divorciarse e recolle as pertenzas que lle quedan no piso ao seu ex marido Mario. Para non velo diante, pídelle a súa irmá Charo que llas entregue ela. Esta dille que mantén un relación civilizada con seu ex polo ben da filla que teñen en común, pero a pequena das irmás Sampaio tamén ten problemas: queda durmida de repente en calquera momento en calquera lugar. No centro de saúde deciden facerlle unha cea de despedida a Paco, o conserxe.

CAPÍTULO 2

As irmás Sampaio atópanse coa neveira baleira e non é porque entrasen os ladrons. Nin a compra vén á casa soa nin a roupa se alisa por ciencia infusa e a Rosiña hai que coidala. Necesitan organización e quizais un pouco de axuda, pero, quen lla pediría a Mario? Non sería peor o remedio cá enfermidade?

Pilar e Emilio intentan repartir o traballo no centro de saúde, agora que non está Paco e que teñen que facer tamén o del.

CAPÍTULO 3


Caixas ategadas de papeis ocupan grandes áreas do centro de saúde. Non hai maneira de desfacerse de tanta documentación inútil. Ata que aparece Mario Méndez, disposto a esforzarse ata límites insospeitados por gañar uns cartiños como sexa. Por outra banda, os da tele queren ir facer unha reportaxe sobre a gripe ao centro de saúde. Non tardan en aparecer voluntarias entre enfermeiras, médicas e pacientes, en realidade, de sobra e con elas, máis problemas.



Un dos aspectos máis innovadores desta nova produción de CTV para TVG está nos decorados. *Efectos secundarios* recrea con realismo e ao detalle un centro de atención primaria. As estancias non son unidades independentes senón que están intercomunicadas. Boa parte da “culpa” desta ambientación é do decorador **Suso Montero**, coñecido por ter traballado xa para unha mancha de programas e series da TVG.

As tramas de *Efectos Secundarios* desenvólvense en tres escenarios principais: A unidade de atención primaria que conta coa súa recepción, administración, área de espera e consultas; a casa de Alicia Sampaio e a droguería propiedade de Charo, a irmá de Alicia.

Tamén os escenarios naturais teñen grande importancia na historia. Os exteriores de *Efectos Secundarios* grávanse nas localidades de Ponte Maceira, A Estrada, Santiago e Bertamiráns.



GUIÓN:

ARGUMENTO E EDICIÓN:

- o Xosé Cermeño

DIALOGUISTAS

- o Roberto G. Méndez
- o German R. López

DIRECCIÓN

DIRECTOR

- o Chema Fernández

PRODUCCIÓN

PRODUCCIÓN EXECUTIVA

- o Xosé Arias

PRODUCCIÓN

- o Ángel Seoane

ARTE

DIRECTOR DE ARTE

- o Suso Montero

MÚSICA

- o Pedro González

